

rota dos miradoiros



[A Insua]

Preto deste lugar, pola estrada que conduce o cemiterio, podemos contemplar a **Ensenada de Baleira**. Este lugar, coma o seu nome indica, tivo que estar relacionado no pasado coa caza da balea, mamífero mariño que abondaba por estas costas.

Debaixo do cemiterio está a "**Pría dos Cristais**", así denominada recentemente porque nela pódese observar unha gran cantidade de cristais pulidos polo mar e procedentes dun antigo vertedoiro. A tenacidade do mar e as súas ondas foron depositándooos ano tras ano aquí.

Esta cala era coñecida antano como o Areal dos Botiños, como referencia a existencia de gran cantidade deste tipo de cetáceos preto da costa.

A dereita deste areal e seguindo recto por un sendeiro que vai ó cañón do mar podemos atoparnos coa **Pedra dos Namorados** e a **Furna da Escuma**. Antano a Pedra dos Namorados foi un niño de amorosos encontros que quedaron gravados nas rochas.

O mesmo Isidro Parga Pondal, ilustre persoal da vila e fundador de Laboratorio Xeolóxico de Laxe, gravou o seu nome no ano 1917 xunto co de outros moitos que visitaron o lugar posteriormente, hasta os nosos días. A Furna da Escuma, pola súa banda, recibe este nome pola gran cantidade de escuma que ali se deposita arrastrada pola corrente nos días de baixa mar. Constitúe unha gran masa branca homoxénea que se ve bater contra os cantís facendo dela un espectáculo curioso e ó mesmo tempo inusual.



Concello de Laxe



DEPUTACIÓN
da CORUÑA
www.dcoruna.es

